



# ROMARÍA DAS PASCUILLAS 2016

“Con María, facemos o camiño da Misericordia”

A Franqueira cos refuxiados e os cristiáns perseguidos

## Oración do Xubileo da Misericordia

Señor Xesucristo, ti ensináchesnos a ser misericordiosos como o Pai do ceo, e dixéchesnos que quen te ve, tamén o ve a El. Móstranos o teu rostro e obteremos a salvación. A túa mirada chea de amor liberou a Zaqueo e a Mateo da escravitude do diñeiro; á adúltera e á Magdalena de buscar a felicidade só nunha criatura; fixo chorar a Pedro despois da traizón, e asegurou o Paraíso ao ladrón arrepentido.

Fai que cada un de nós escoite como propia a palabra que dixeches á samaritana: ¡Se coñeceses o don de Deus!

Ti es o rostro visible do Pai invisible, do Deus que manifesta a súa omnipotencia sobre todo co perdón e a misericordia: fai que, no mundo, a Igrexa sexa o rostro visible de Ti, o seu Señor, resucitado e glorioso.

Ti quixeches que tamén os teus ministros fosen revestidos de debilidade para que sintan sincera compaixón polos que se atopan na ignorancia ou no erro: fai que quen se achegue a un deles se sinta esperado, amado e perdoado por Deus.

Manda o teu Espírito e conságranos a todos coa súa unción para que o Xubileo da Misericordia sexa un ano de graza do Señor e a túa Igrexa poida, con renovado entusiasmo, levar a Boa Nova aos pobres, proclamar a liberdade aos prisioneiros e oprimidos e restituír a vista aos cegos.

Pedímoscho por intercesión de María, Nai da Misericordia, a ti que vives e reinas co Pai e o Espírito Santo por sempre eternamente. Amén.



## Introducción

A celebración festiva da Romaría das Pascuillas no Santuario da Franqueira é unha oportunidade única para obter a “fortaleza na fe, seguridade na esperanza e constancia no amor” de mans da Nosa Señora e a quen proclamamos Raíña e Nai de Misericordia Vir ao Santuario da Franqueira é saír dos nosos fogares, das nosas cousas e do noso ámbito, para poñernos en camiño. Unha peregrinación que non facemos sós, senón que, alentados polo desexo de chegar ao fin do camiño, superamos as dificultades do mesmo. Peregrinar, como imaxe da nosa propia vida, supón abrírnos ao que está por vir, asumir o sacrificado da ruta e deixarnos tamén guiar. Por isto, peregrinar ao fogar de María, é deixarnos aconsellar e guiar, alentar e axudar, coidar e recibir, por que nos amosa o amor misericordioso do Señor.

Estamos a celebrar o Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia e son moitos os matices e invitacións que nos fai un Xubileu como este. Presentamos de xeito moi sinxelo os aspectos máis salientables da celebración xubilar no santuario da Nosa Señora da Franqueira. Convidamos a vivir cada un dos momentos con devoción e con desexos de renovar a nosa vida en Cristo, Rostro misericordioso do Pai.

### 1.- A Peregrinación

O camiño ata os pes da Paradanta non é doado, supón un traballo e un sacrificio. É un camiño que nos debe facer pensar. É unha oportunidade para a oración silenciosa e acompañada polo ritmo do noso camiñar. Neste ano enviamos unhas tarxetas para fotocopiar e repartir entre os participantes. Recollen algunhas suxestións de lectura do Evanxeo desde as obras de misericordia, así como unha proposta de oración e unha lembranza á Virxe.

***Invoca a María, Nosa señora da Franqueira, ela Peregrina da fe, acompaña o vieiro da vida. Pídelle que co seu amor materno che axude a estar ao carón dos peregrinos “refuxiados, inmigrantes e perseguidos” deste mundo***

### 2.- A chegada

Dispoñedes de aseos, duchas e vestiarios para asearse, pois unha das obras de misericordia é acoller ao peregrino. Pero asemade destas cuestións prácticas, dispoñede o corazón para atoparse coa Virxe María. Antes de nada da gracias por rematar o camiño, e, pide a inspiración do Espírito Santo para entrar ao encontro co Pai Misericordioso.

***Invoca a María, Nai agarimosa, ela espera no seu fogar polos fillos. Pídelle que che axude a ser membro activo da comunidade de irmás, que é a Igrexa***

### **3.- A Porta da Misericordia.**

O templo da Nosa Señora da Franqueira, polo seu vínculo espiritual coa Basílica Papal de Santa María a Maior de Roma, goza do privilexio de ser lugar de perdoanza permanente. Pero neste ano Xubilar con maior intensidade, se cabe. Por ser templo onde se gañan as gracias xubilares, a porta principal está declarada Porta da Misericordia. Antes de entrar nela, fixéndose na súa fermosura artística e a linguaxe que nos transmite, pódense facer as oracións que están a ambos lados. Damos grazas a Deus porque en María amósanos a Porta do Ceo e convidanos a dispoñernos ao perdón e á misericordia, para sermos nós tamén misericordiosos. Entra no templo, orando, en silencio e contemplando en María a Nai misericordiosa.

***Cristo é a porta, entrar Nel é ter vida. Invoca a María, Auxilio dos cristiáns, para dar grazas polo bautismo e renovar a fe recibida.***

### **4.- Camiño de Conversión**

O Para Francisco insiste na necesidade de descubirmos o corazón inmenso de amor do Pai que quere perdoarnos e facernos partícipes do gozo da reconciliación. O camiño feito é unha invitación a recapacitar sobre a nosa vida. Tanto dentro do santuario como na capela da penitencia están sacerdotes a disposición dos peregrinos que desexen recibir o Sacramento da Confesión. Hai esquemas de exame de conciencia e explicacións sobre o sentido da Indulxencia neste Xubileu.

***Achégate a María, Refuxio dos pecadores, pídelles a gracia dunha sincera conversión. Achégate aos irmáns para levarlles a misericordia no perdón, na paciencia, na corrección fraterna e na caridade.***

### **5.- Pasar por debaixo da Virxe**

Desde moi antigo existe a tradición de pasar por debaixo da imaxe da Nosa señora. É unha oportunidade para facer dun xesto, expresión do que sentimos e queremos vivir. Pódese rezar a seguinte oración que está considerada a máis antiga dedicada á Virxe. En María, misericordiosa, atopamos acougo.

**Baixo a túa protección acollémonos,  
Santa Nai de Deus;  
escoita con agarimo as súplicas  
que che diriximos nas nosas necesidades;  
líbranos sempre de todo perigo,  
ouh Virxe gloriosa e bendita.**

***Revestidos en Cristo somos criaturas novas. Agarimados no calor da Nosa Naiciña lembra na oración ós que están espidos e desamparados, aos enfermos e desvalidos.***

## 6.- Participar na Eucaristía

Dinos o Concilio que a Eucaristía é a “fonte e o cumio da vida cristiá”. Xunto con toda a Igrexa peregrina damos grazas, loamos e bendicimos. No banquete da Eucaristía sacia a nosa fame e únenos na caridade.

***Como Xesús que sentiu compaixón pola multitude, “pois estaban perdidos e derreados como ovellas sen pastor”, pide á Virxe María, Divina Pastora, que che conceda un corazón compasivo para dar de comer a quen ten fame.***

## 7.- Beber na fonte

Así como nos entra sede no longo do camiño, sentimos sede no camiñar de cada día. Achegarnos á Fonte da Virxe é saciar a sede do peregrino, sede de amor e unidade, de comunión e perdón, de paz e alegría. Beber e lavarse, ser; despois de participar nos Sacramentos da Vida, a Reconciliación que nos sanda e a Eucaristía que nos alimenta; quen de achegarse a María, Divina Fonte de Gracias, e fortalecerse para regresar a casa sendo testemuñas do amor que actúa en nós.

***Reza a Salve Raíña con devoción. Conságrate a María, Virxe da Fonte, para achegarte a quen pasa sede, e ser quen de levar a auga viva que é Cristo.***

## 8.- Vivir a Misericordia.

Proclamamos a María, Raíña e nai de Misericordia. Ela descubre, desde a humildade, a Misericordia do Pai que a escolleu para ser a Nai do Salvador. Con prontitude, levando nas súas entrañas ao Fillo de Deus, sae a servir a quen precisa axuda. Visitando á súa curmá Isabel leva a ledicia e a esperanza, e, pola acción do Espírito proclama a grandeza do Señor.

Finalizada a nosa peregrinación na Franqueira queda levarlles a todos o que temos recibido. Sermos misericordiosos como o Pai é o encargo que nos fai o Papa neste xubileu.



***Leva no teu corazón a María, que tivo que fuxir para que non matasen o Neno. Ela que viviu como refuxiada en terras de Exipto. Ela que é Nai dun pobo liberado.***

***Nesta Romaría tomemos o compromiso de participar no xesto diocesano do xubileu coa nosa esmola aos refuxiados e cristiáns perseguidos.***

***Felicidades a todos, moitas grazas e bo camiño..***

***Nosa Señora da Franqueira, Roga por nós***

# CANTOS DA EUCARISTÍA

"La peregrinación es imagen del camino que cada persona realiza en su existencia. La misericordia es una meta por alcanzar y que requiere compromiso y sacrificio. La peregrinación, entonces, será estímulo para la conversión: atravesando la Puerta Santa nos dejaremos abrazar por la misericordia de Dios y nos comprometeremos a ser misericordiosos con los demás como el Padre lo es con nosotros"

(Papa Francisco, MV 14)

## HIMNO DO XUBILEO EXTRAORDINARIO DA MISERICORDIA

### Misericordes sicut Pater, Misericordes sicut Pater

*Misericordiosos como o Pai*

1.- Rendamos grazas ó Pai porque é bo

**in aeternum misericordia eius**


**é eterna a súa misericordia**

creou o mundo con sabedoría,  
conduce o seu pobo na Historia,  
perdoa e acolle os seus fillos.

2.- Rendamos grazas ó Fillo, luz dos pobos,  
amounos cun corazón de carne,  
del recibimos, a El doámonos,  
que o corazón se abra a quen ten fame e sede.

3.- Pidamos ó Espírito os sete santos dons,  
fonte de todo ben, docísimo Alivio,  
Nel confortámonos, a El doámonos,  
o amor espera e todo o soporta.

4.- Pidámo-la paz ó Deus de toda paz,  
a terra espera o Evanxeo do Reino,  
gozo e perdón no corazón dos pequenos,  
serán novos os ceos e a terra



## LITURXIA DA PALABRA

*“La Misericordia en la Sagrada Escritura es la palabra clave para indicar el actuar de Dios hacia nosotros. Él no se limita a afirmar su amor, sino que lo hace visible y tangible”.*

*(Papa Francisco MV9)*

### Lectura do Apóstolo San Paulo aos Efesios

Deus, que é farturento en misericordia, polo grande amor que nos amosou cando estabamos nós mortos polos nosos pecados, fíxonos revivir con Cristo -salváronvos por pura benquerenza- e resucitou nos con El e con El fíxonos sentar no ceo en Cristo Xesús, para mostrarlles ós séculos vindeiros a desbordante riqueza da súa graza, manifesta na bondade que tivo connosco en Cristo Xesús. Porque vos salvaron por graza, mediante a fe; e isto non vén de vós: é don de Deus; e non vén das obras, para que ninguén se dea méritos. Somos, logo, feitura del, creados en Cristo Xesús para facermos o ben no que Deus dispuxo de antemán que camiñemos.

*V/ Palabra do Señor. R/ Grazas a Deus*

### Salmo 102

#### A Misericordia do Señor, cada día cantarei

### Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas:

Naqueles mesmos días saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre. Entón, chea do Espírito Santo, exclamou Isabel, a grandes voces:

-Bendita ti entre as mulleres e bendito o froito do teu ventre. ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, brincou de alegría a criatura no meu ventre. ¡Ditosa ti que criches que se cumpriría canto che anunciaron de parte do Señor!

Entón María exclamou:

A miña alma proclama a grandeza do Señor,  
e alégrase o meu espírito en Deus, o meu Salvador,  
porque reparou na súa humilde escraviña.

Velaí: desde agora tódalas xeracións me van felicitar.

¡Marabillas o Poderoso fixo en min!

O seu nome é Santo; a súa misericordia chega xeración tras xeración  
a todos os que o temen.

Manifesta o poder do seu brazo, desbaratando os plans dos soberbios.

Derruba do seu trono ós poderosos, e fai subir os humildes;

ós famentos éncheos de bens, e ós ricos despídeos baleiros.

Ampara a Israel, o seu Servidor, lembrándose da súa misericordia,  
conforme prometera a nosos pais,

en favor de Abraham e da súa descendencia para sempre.

María permaneceu con ela tres meses, e logo volveuse para a súa casa.

*V/ Palabra do Señor. R/ Loámoste Cristo*

## PREPARACIÓN DO ALTAR

*“El pensamiento se dirige ahora a la Madre de la Misericordia. La dulzura de su mirada nos acompañe en este Año Santo, para que todos podamos redescubrir la alegría de la ternura de Dios. Ninguno como María ha conocido la profundidad del misterio de Dios hecho hombre. Todo en su vida fue plasmado por la presencia de la misericordia hecha carne. La Madre del Crucificado Resucitado entró en el santuario de la misericordia divina porque participó íntimamente en el misterio de su amor.” (Papa Francisco MV 24).*

**Nosa naiña do Ceo:  
ti, que do Pai acolliches  
a eterna misericordia,  
fainos ser bos aprendices.**

Aquí, Virxe do Socorro,  
na Franqueira estamos nós,  
pra collernos da túa man  
e con Deus vivir no Amor.

Ven connosco monte abaixo  
pra cada día avanzar  
na senda do amor fraterno,  
na misericordia do Pai.

## COMUNIÓN

*“En cada uno de los hermanos “más pequeños” (en los pobres) está presente Cristo mismo. Su carne se hace de nuevo visible como cuerpo martirizado, llagado, flagelado, desnutrido, en fuga ... para que nosotros los reconozcamos, lo toquemos y lo asistamos con cuidado. No olvidemos las palabras de san Juan de la Cruz: « En el ocaso de nuestras vidas, seremos juzgados en el amor “ (Papa Francisco MV 15)*

**ESTRELA DOS MARES, VIRXE MARÍA  
TI CONNOSCO CAMIÑAS  
DE NOITE E DIA**

1.- Dando a luz es a nai do Home Novo  
es a fonte e a orixe do Novo Tempo.

2.- Iluminas as noites do duro inverno  
acompañas a vida do pobo enteiro.

3.- Es a forza e consolo nas nosas penas,  
esperanza e camiño da Nova Terra.

4.- Es a porta que abre a nova Vida,  
es a luz da alborada que anuncia o Día.

**Salve, Virxe Bendita María  
Salve Raiña de ceos e terra,  
Salve, Virxe da Franqueira,  
Salve, Salve, Salve Nosa Nai.**

**1.-** De xeonllos prostrado ás túas plantas,  
suplicante conrito che pido que me mires cal fillo querido,  
que me mires con ollos de amor.  
Ti que é-lo consolo dos tristes, da remedio ós fondos pesares.  
Ti que é-lo luceiro dos mares alumea o meu corazón.

**2.-** Fai, Señora, que tódolos homes  
poidan ser da túa gloria testigos,  
e da a tódolos meus inimigos  
paz, amor, caridade e perdón.  
Fai, Señora, que nunca os erros  
teñan casa no meu pensamento.  
Non te apartes de min un momento  
cando o demo me veña a tentar.

**3.-** Fai que a alma,  
que toda che entrego,  
chegue ó ben por que tanto suspira  
e perdoa a moi tosca lira  
que che canta esta pobre canción.  
Porque quero gozar dos consolos  
da católica fe en que creo,  
porque quero despois ir ó ceo,  
para decote as túas glorias cantar



---

## HORARIOS DO SANTUARIO

### Horario de Misas

Mércores ás 6 da tarde; Sábados ás 6 da tarde; Domingos ás 11 da mañá e ás 5 da tarde; Tódolos días 8 de mes ás 12 da mañá e ás 6 da tarde, Misa solemne, excepto os domingos ás 11 da mañá e 5 da tarde. Os meses de xullo e agosto haberá Misa de luns a venres ás 8 da tarde. Do 9 ó 30 de setembro, de luns a venres ás 6 da tarde.

**Confesión:** Antes da Misa

**Oración -retiro mensual:** Domingo seguinte ó día 8 de cada mes despois da Misas das 5

**Oración polos enfermos:** Último domingo de mes despois da Misa de 5

**Catequese:** Sábados ás 5 da tarde e venres ás 4,30 da tarde

**Ensaio do Grupo de canto “Nosa Señora da Franqueira”:** Martes ás 7 da tarde

**Grupo de Cáritas interparroquial:** 2º e 4º luns ás 9,30 da mañá

**Aula de Biblia “Virxe da Fonte”:** Primeiro sábado de mes ás 7 da tarde

**Información de celebracións e actividades:** [www.afranqueira.org](http://www.afranqueira.org)

**Contacto:** [info@afanqueira.org](mailto:info@afanqueira.org)

